


PLEA



PLAN DE
LECTURA,
ESCRITURA E
ACCESO Á INFORMACIÓN

CRA DE VALGA

ÍNDICE

*CONTEXTO.....	2
A NOSA CONTORNA.....	2
O NOSO ÁMBITO SOCIOECONÓMICO E FAMILIAR.....	3
O NOSO ÁMBITO LINGÜÍSTICO.....	3
OS NÓSOS RECURSOS SOCIOCULTURAIS.....	4
O NOSO CONTEXTO EDUCATIVO.....	4
A nivel de lectura.....	5
A nivel de escritura.....	6
A nivel de acceso á información.....	7
*OBXECTIVOS.....	8
DE LECTURA E EXPRESIÓN ORAL.....	8
DE ESCRITURA.....	9
DE ACCESO Á INFORMACIÓN.....	10
*LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	11
DENDE AS ESCOLAS.....	11
DENDE A NOSA BIBLIOTECRA.....	12
*FERRAMENTAS EMPREGADAS PARA A ELABORACIÓN DESTE PLAN.....	13
*SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E CONCLUSIÓNS.....	13



PLEA



PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN

CONTEXTO

A NOSA CONTORNA

Érase unha vez, o CRA de Valga. Un Colexio Rural Agrupado (CRA) que se crea o 28 de xullo do 2000. Trátase dun centro educativo público no que se imparte o 2º ciclo de Educación Infantil (de 3 a 6 anos). Temos a mesma estrutura e funcionamento que calquera outro centro educativo, coa peculiaridade de que as nosas 6 aulas mixtas atópanse distribuídas nas 6 escolas que forman parte do noso CRA, nas distintas localidades do concello pontevedrés de Valga. Estas escolas son:

ESCOLA DE CAMPAÑA	ESCOLA DE FERREIRÓS
ESCOLA DE CHENLO	ESCOLA DE VILARELLO
ESCOLA DE FORNO	ESCOLA DE XANZA

Valga é un concello rural da provincia de Pontevedra, cunha extensión de 40,72 km². Conta con preto de 5800 habitantes, distribuídos en cinco parroquias (Cordeiro, Setecoros, Campaña, Xanza e Valga). O Concello de Valga está delimitado ao norte polos municipios de Dodro e Catoira, Catoira e Caldas de Reis polo sur, Cuntis polo este e Dodro polo oeste.

Respecto ao patrimonio histórico e natural, é de gran riqueza (petróglypho Pedra da Serpe, Praia Fluvial de Vilarello, Lagoa Mina Mercedes, Mirador Monte de Beiro, Parque Irmán Dios Mosquera, Fervenzas de Parafita...). Cómpre sinalar, tamén, que polo concello discorren dúas rutas do Camiño de Santiago: o Camiño Portugués e a ruta marítima-fluvial.

O NOSO ÁMBITO SOCIOECONÓMICO E FAMILIAR

O noso alumnado provén de familias que se adican principalmente ó sector industrial, pois o concello conta con fábricas e empresas como Extrugasa, Exlabesa, ODL, Urovesa, Valdeza... Deste xeito, podemos dicir que o nivel socioeconómico e educativo maioritario das familias que compoñen o CRA é medio.

O NOSO ÁMBITO LINGÜÍSTICO

Atopámonos nunha área onde se emprega o galego en practicamente tódolos ámbitos, tanto formais como informais, xa que é a lingua empregada pola comunidade nas relacións entre si, na vida administrativa, a lingua empregada con distintas asociacións culturais, con institucións de diversa índole coas que se relaciona o colexio e a lingua vehicular na maior parte das familias. Polo tanto, unha parte maioritaria do alumnado do CRA de Valga posúe o galego como lingua materna e emprégao como lingua vehicular na súa vida cotiá, tanto no ámbito familiar como escolar.

Malia todo, cabe destacar que detectamos algúns casos de familias castelanfalantes e outros nos que aínda que as familias son galegofalantes, empregan o castelán para falar cos seus fillos e fillas, o que se traduce nun 20% de alumnado castelanfalante. Así mesmo, entre as nenas e nenos galegofalantes, con respecto a determinadas situacións de xogo (superheroes e superheroínas, xogo simbólico en xeral...) detéctase un maior uso do castelán.

Entre o persoal docente tamén destaca unha clara maioría galegofalante, sendo o galego a lingua empregada na nosa labor docente, por ser esta a maioritaria entre o noso alumnado.

Dentro do programa de Plurilingüismo que se leva a cabo no centro, ademais das sesións da especialista en lingua estranxeira, a metade das sesións de educación física tamén son impartidas en inglés. Como apoio a este programa, contamos coa participación na aula dunha Auxiliar de Conversa.

OS NOSOS RECURSOS SOCIOCULTURAIS

A apertura á contorna é un dos sinais de identidade do noso centro, desta forma existe unha colaboración e implicación de toda a Comunidade Educativa (familias e ANPA Pequeval, veciñanza, Concello, colexios adscritos, Escola Infantil Municipal, gabinetes psicopedagóxicos e logopédicos, asociacións...) que participan en moitas das experiencias que teñen lugar tanto dentro coma fóra das escolas. Establécese a creación dun ambiente familiar grazas ao intercambio de información diario, a implicación directa na vida da aula e do centro e a difusión de todas as actividades mediante as diferentes canles de comunicación.

En canto aos recursos culturais da contorna aos que podemos acceder, é preciso mencionar que o Concello de Valga conta con:

- Auditorio Municipal (oferta propostas culturais variadas e para todas as idades, acolle diversas exposicións de diversa índole, atopamos a escola de música do Concello, impártense formacións para a veciñanza...).
- Biblioteca Municipal.
- Museo da Historia de Valga.
- Emisora de radio local (Radio Valga).
- Belén artesanal en movemento de Valga.

O NOSO CONTEXTO EDUCATIVO

O CRA de Valga é un colexio rural pequeno no que as interaccións e as conversas entre os diferentes membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias) se dan a diario e de forma continua. Por iso, para facer o diagnóstico do noso contexto educativo a nivel de lectura, escritura e acceso á información, non consideramos preciso pasar ningún tipo de enquisa, pois coñecemos a nosa realidade de primeira man grazas a excelente comunicación que temos e que nos converte nun colexio rural moi familiar e próximo. Tamén grazas aos diferentes documentos de centro (PE, PXA, Proxecto Lector, programacións de aula...) que se tomaron como base na recompilación de información. A continuación, daremos un paseo polos diferentes ámbitos que nos ocupan para a elaboración deste Plan.

A nivel de lectura



O noso actual currículo, o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na comunidade autónoma de Galicia, recolle como un obxectivo da etapa a importancia de achegarse á lectura. No CRA non temos hora de ler, tampouco dinámicas cerradas e fixas á hora de achegar os nenos e nenas á lectura, depende moito das características de cada grupo, o cal cambia cada curso escolar. Malia todo, no día a día nas escolas si que levamos a cabo e empregamos algunhas rutinas lectoras e recursos para que dende pequenos/as adquiran o gusto polos contos e a lectura:

- **Entradas e saídas relaxadas no recanto da biblioteca de aula ou na biblioteCRA:** deixámoslles que eles mesmos escollan un conto e o “lean” de xeito individual, por parellas ou pequeno grupo. Parécenos importante darlles a oportunidade de rememorar historias mirando as imaxes, imaxinar o que vai pasando a través das ilustracións, que fagan de contacontos para os compañeiros/as máis pequenos/as...
- **A hora do conto:** momento no que a titora le un conto ao seu grupo-clase. Pode variar en cada escola, dependendo do grupo ou simplemente do día (despois da asemblea, despois do patio...), e dependendo tamén da finalidade que se lle queira dar (volta á calma, como temática do proxecto...).

A nivel de centro, tamén realizamos os **“Martes de conto”** na nosa BiblioteCRA, onde cada martes pola tarde o alumnado pode vir a coller e devolver libros e o profesorado do cole realiza contacontos e dramatizacións atendendo a unha temática concreta dentro do noso calendario escolar. Nestes contacontos tamén se animan a participar as familias e algunhas veces, traemos invitados especiais que nos veñen contar e amosar cousas interesantes, contar historias, achegarnos a outras realidades... cumprindo así a nosa función compensatoria. Outras propostas lectoras que levamos a cabo son os **empréstitos semanais de contos** en cada unha das escolas e a colaboración familia-escola nas **mochilas viaxeiras**.

Deste xeito, o que pretendemos é achegalos á lectura dun xeito libre, sen imposicións para que nun futuro, cando saiban ler, o queiran seguir facendo, polo puro pracer de ler.

A nivel de escritura



Na etapa de educación infantil, os nenos e nenas teñen o seu primeiro achegamento a linguaxe escrita e no CRA coidamos que ese primeiro encontro se faga de xeito natural, respetando os propios tempos de cada neno/a, sen esquecer, que a adquisición do código escrito non é un obxectivo que se deba acadar nesta etapa.

Na nosa metodoloxía, a lectoescritura trabállase dun xeito globalizado, partindo sempre do máis próximo e significativo para eles e elas (o propio nome, os nomes dos compañeiros/as, palabras clave do proxecto á investigar, listas de ingredientes para facer unha receita, listas da compra...). Cabe destacar aquí, outra vez, o enriquecedoras que son as aulas mixtas neste ámbito pois os pequenos/as polo xeral, comezan a interesarse pola lectura e escritura cando observan aos seus amigos xa máis maiores facelo. Non hai maior incentivo, pois téñenos de referencia e modelos a imitar.

Deste xeito, nunha mesma aula vemos como cada neno/a se atopa nunha etapa da lectoescritura diferente:

- Presilábica: atopamos unha escritura non diferenciada, sen grafías convencionais.
- Silábica: comezan a representar grafías asociadas a un son, polo xeral unha letra por sílaba.
- Alfabética: xa escriben palabras ou frases pero poden observarse erros gramaticais.

Isto vainos supoñer ter en conta sempre en que punto se atopa cada neno/a á hora de elaborar propostas ou actividades, para así poder ofrecerlles o nivel de dificultade axeitado en cada caso.

Tamén é preciso destacar que falamos de lectoescritura porque lectura e escritura van collidas da man, polo que a literatura infantil e a biblioteca escolar van ser uns verdadeiros aliados neste camiño de aprendizaxe.

A nivel de acceso á información



No CRA de Valga traballamos por proxectos e cada curso escolar, atendendo ao noso proxecto anual, a biblioteCRA convértese no centro e corazón de cada unha das investigacións que levamos a cabo. É o lugar onde atopamos respostas a todas as nosas preguntas, ás nosas dúbidas, onde saciamos a nosa curiosidade e nos facemos expertos da temática que nos ocupa.

A organización do catálogo da nosa biblioteCRA faise seguindo a CDU ilustrada así como a través do programa de xestión *Koha*. Contamos cunha guía paso a paso para o profesorado, tanto da CDU como do manexo do *Koha* e todos os cursos escolares, os nenos e nenas do CRA realizan unha serie de actividades e xogos que teñen como finalidade formar a pequenos bibliotecarios/as e que así, poidan axudar no seu bo funcionamento (que é un tejuelo, de que cor son as diferentes temáticas, como fago para atopar un libro...). Asímesmo, a comezos de curso, cando se inauguran os *Martes de conto*, dende o equipo de biblioteca, realizamos unha formación de usuarios para por unha banda, dar a coñecer ás familias novas que nos acompañan ese curso o funcionamento da nosa BiblioteCRA e pola outra, facer un recordatorio ás que xa nos acompañaron en cursos anteriores.

No caso dos recursos dixitais, contamos con dúas pantallas interactivas en cada escola as cales empregamos para dar a coñecer ao noso alumnado realidades que non nos sería posible descubrir doutro xeito ou como apoio ao xa vivenciado a través doutros recursos (guías, contos, exposicións, charlas...). Dende o CRA estamos comprometidos coa redución do uso de pantallas nestas idades e así o reflexamos na nosa metodoloxía.

Dende o equipo de biblioteca sempre tentamos atender as demandas da comunidade educativa á hora de dotar a biblioteCRA de novos recursos. Deste xeito, o profesorado do centro comunícanos os libros ou xogos que precisan, fannos suxerencias de títulos, trasládannos os intereses que teñen os cativos en cada escola... tamén se escoitan as demandas e suxerencias que as familias nos poidan facer sobre unha temática ou título concreto e tamén puxemos á disposición dos usuarios unha caixa de recomendacións, para que anoten os seus imprescindibles que non poden faltar na biblioteCRA.

OBXECTIVOS

DE LECTURA E EXPRESIÓN ORAL

VERBO	QUE?	PARA QUE?
L1 Continuar...	...establecendo momentos de lectura libre nas escolas...	...para crear hábitos lectores estables.
L2 Compartir...	...lecturas e experiencias lectoras co alumnado...	...para promover o gusto pola mesma.
L3 Establecer...	...conversas antes e despois de ler contos...	...para favorecer o pensamento crítico, a formulación de hipóteses e a comprensión.
L4 Escoitar...	...aos compañeiros/as en diferentes situacións comunicativas...	...para desenvolver a atención, a comprensión e o respecto polos demais.
L5 Participar...	...en faladoiros en pequeno e gran grupo...	...para mellorar a fluidez verbal e a confianza na propia expresión oral.
L6 Traballar...	...a conciencia fonolóxica a través de xogos de sons, segmentación silábica...	...para favorecer os prerequisites da aprendizaxe lectora.
L7 Desenvolver...	...actividades de identificación de nomes e palabras significativas...	...para avanzar nos prerequisites da lectura e escritura.
L8 Vivenciar...	...diferentes formas de contar (representacións, teatro de sombras, monicreques...)...	...para introducilos na beleza narrativa e literaria e fomentar o gusto por escoitar historias.
L9 Avaliar...	...de forma continua os avances na competencia comunicativa e lectora do alumnado...	...para poder adaptar a nosa intervención educativa ás necesidades detectadas.

DE ESCRITURA

VERBO	QUE?	PARA QUE?
E1 Relacionar...	...sons e letras en palabras coñecidas e significativas no día a día...	...para aproximar aos cativos/as á lectura e escritura.
E2 Empregar...	...o grafismo creativo (trazo, direccionalidade, orientación espacial...)...	...para traballar cos nenos e nenas os prerequisites da escritura.
E3 Desenvolver...	...actividades que requiran motricidade fina e coordinación óculo manual...	...para favorecer a precisión de movemento necesaria para a escritura.
E4 Recoñecer...	...palabras e letras significativas presentes en textos e carteis da aula...	...para avanzar na conciencia escrita.
E5 Diferenciar...	...letras, números e outros símbolos presentes no día a día...	...para pouco a pouco identificar as características da linguaxe escrita.
E6 Introducir...	...a escritura do propio nome de maneira progresiva e natural...	...coa finalidade de favorecer a identificación persoal e autonomía.
E7 Explorar...	...diferentes soportes, materiais plásticos e útiles de escritura...	...para ampliar as experiencias de expresión plástica e artística.
E8 Elaborar...	...listas, carteis, murais e mensaxes en situacións significativas e reais...	... para aproximalos á escritura como medio de comunicación.
E9 Avaliar...	...os progresos do alumnado na competencia escrita mediante a observación e rexistro...	...para adaptar a intervención educativa ás necesidades observadas.

DE ACCESO Á INFORMACIÓN

VERBO	QUE?	PARA QUE?
A1 Presentar...	...todos os cursos as normas básicas da nosa BiblioteCRA ao alumnado e as familias...	...para promover o bo funcionamento da mesma por parte dos usuarios.
A2 Realizar...	...todos os cursos unha formación de usuarios (profesorado, alumnado e familias)	...para dar a coñecer a organización e clasificación dos recursos dispoñibles na BiblioteCRA.
A3 Empregar...	...as bibliotecas de aula e a BiblioteCRA como fontes de información imprescindibles...	...para levar a cabo as investigacións dos proxectos de aula e centro.
A4 Identificar...	...diferentes tipos de materiais textuais: contos, guías de consulta, , comics, revistas, ...	...para poder facer facer un uso funcional e axeitado en cada caso concreto.
A5 Participar...	...en actividades guiadas de procura de información...	...para aprender a localizar temas de interese en diferentes soportes.
A6 Consultar...	...guías e enciclopedias ilustradas con acompañamento docente...	...para desenvolver hábitos básicos de investigación.
A7 Intercambiar...	...ideas e descubrimentos en pequeno e gran grupo...	...para favorecer a comunicación oral e a aprendizaxe cooperativa.
A8 Recoñecer...	...a BiblioteCRA como espazo de información, descubrimento e goce...	...para potenciar no alumnado o interese pola aprendizaxe autónoma.
A9 Avaliar...	...a organización e funcionamento da BiblioteCRA, así como os recursos dos que se dispoñen...	...para detectar posibles necesidades e poder levar a cabo propostas de mellora.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

Dende as escolas

Lectura diaria de contos nas escolas por parte das mestras.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Momentos de lectura libre no recuncho da biblioteca de aula por parte do alumnado.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Dramatizacións de contos e historias: teatriños, monicreques, miniaturas... empregando diverso material.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

O encargado diario da aula débúxase, escribe o seu nome, segmenta sílabas, fai conteo de letras, asocia grafías e sons... atendendo á etapa evolutiva na que se atopa.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Uso da escrita de xeito diario e significativo: listas de compra, notas de aviso, invitacións, recollida de ideas previas, rexistro, correspondencia, cartelería...

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Búsqueda de información na biblioteca de aula (bibliografía relacionada coa temática ou proxecto a desenvolver).

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Propostas creativas e sensoriais a través dos contos.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Empréstitos lectores semanais (ao longo de todo o curso).

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Dende a nosa BiblioteCRA

Formación de usuarios para familias e profesorado.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Xornada de formación de usuarios para o alumnado: normas de uso e busca de títulos segundo a CDU ilustrada.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Contacontos dos martes de conto a cargo de profesorado, familias, alumnado e outras persoas colaboradoras.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Empréstitos lectores dos Martes de Conto (de outubro a maio).

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Talleres creativos e científicos en base a contos, narracións ou outras propostas da BiblioteCRA.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Mochilas e cadernos viaxeiros.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Visitas das escolas á BiblioteCRA como espazo de reunión, consulta e búsqueda de información.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Radio Pepa (radio escolar con retransmisión dos programas na radio municipal Radio Valga).

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

Propostas de programación e robótica.

L1	L2	L3	L4	L5	L6	L7	L8	L9	E1	E2	E3	E4	E5	E6	E7	E8	E9	A1	A2	A3	A4	A5	A6	A7	A8	A9
----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----	----

FERRAMENTAS EMPREGADAS PARA A ELABORACIÓN DESTE PLAN

Para a elaboración deste PLAN foi fundamental a comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa. Temos unha boa comunicación coas familias, as cales nos aportaron o seu parecer sobre as actividades de lectura realizadas, se os horarios son accesibles, se lles parecen suficientes,... e en canto ao profesarado, e debido ás características especiais do noso centro, temos reunións frecuentes de todo o claustro e entre os equipos, o que nos permite que a información recollida sexa veraz e amplamente contrastada.

Tamén se recabou información dos diferentes documentos do centro (Plan de lectura, PXA, Proxecto educativo, Proxecto lingüístico...), polo que todo o recollido neste Plan senta as bases nas señas de identidade polas que se rixe o noso centro.

SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E CONCLUSIÓN

Faremos un seguimento deste Plan mediante o rexistro das actividades realizadas e a participación do alumnado. Ademais, levaremos a cabo reunións do equipo de biblioteca para avaliar o seu desenvolvemento e facer os axustes necesarios. Anualmente, será preciso valorar se os obxectivos recollidos neste Plan se están a cumprir e deste xeito poder propoñer melloras (mediante reunións, comunicación familia-escola, enquisas...).

Para poñerlle fin, resaltar que ao noso parecer xa realizamos unha boa labor no eido do fomento da lectura, escritura e acceso á información, tendo en conta as características propias da etapa e de xeito individualizado, as características e ritmos propios dos nosos nenos e nenas. Así, consideramos importante que así continúe sendo, que non perdamos esta senda, para poder transmitirle ao alumnado a importancia da lectoescritura na vida diaria e o gusto pola lectura. A lectura como disfrute, para descubrir novos mundos e vivir novas aventuras pero tamén como fonte de información do mundo no que vivimos, para que nun futuro sexan adultos con ideas propias e pensamento crítico.